



## ROTEIRO POLOS CASTROS DO COUREL



Comezamos a campaña de roteiros “Memoria Pétreas” desprazándonos ao Courel, nunha época do ano que nos permitirá tamén gozar das súas fermosas paisaxes outonais, propias de bosques de castiñeiros, aciñeiras, freixos, pradairos, rebolos, etc.

Son moitos os lugares do Courel nos que se conservan vestixios do pasado, entre eles varios castros. A ruta principiará coa visita ao Castro de Paderne e, pasando polo Castro de Brío (cunha altitude de 1035 m), rematará no Castro da Torre. Ademais da visita a estes 3 elementos patrimoniais, ao longo da ruta teremos unha impresionante panorámica de varios dos lugares máis emblemáticos

do Courel: Serra Principal, Formigueiros, Faro, Piapaxaro, Teso Papoulas, Mallón, Devesa da Rogueira, Devesa de Paderne, etc. O percorrido transcorrerá por camiños cheos de follas secas, ourizos e castañas a través dos canóns do Río Pequeno e o Río Lor. Remataremos a xornada cun **magosto en Ferreirós de Abaixo**, na singular taberna “O Pontón”.

**Lonxitude: 12 km de dificultade media-alta:** media, no percorrido xeral, e alta nos desvíos aos tres castros. En caso de cansazo pode optarse por non realizar algúns dos ascensos máis duros.

DOMINGO, 25 de OUTUBRO de 2015

Xeral.....	15 €
Estudantes, xubilad@s e no paro.....	12 €
Soci@s.....	10 €
Ata 17 anos.....	5 €

**O autobús sairá de diante da Facultade de Formación do Profesorado ás 9.00 h.**

Imprescindible anotarse chamando ao **679 113 718** ou ao **982 24 02 99**.

**Leva roupa e calzado axeitados e comida para o camiño. O bo humor é cousa de tod@s**

### PRÓXIMOS ROTEIROS DE ADEGA LUGO

**29 Novembro:** Castro de Viladonga- Castro de Rei  
**13 Decembro:** Castro de Corvazal- Bóveda  
**24 Xaneiro:** Castro de Remonde- Palas de Rei  
**21 Febreiro:** Castro de Goo - O Incio

**13 Marzo:** Castro de Cervantes  
**17 Abril:** Castro de Fazouro- Foz  
**22 Maio:** Castro de Espasante- Ortigueira  
**26 Xuño:** Castro de Baroña- Porto do Son

